

Narrativa En ‘Sete palabras’ procura Suso de Toro unha caste de reconciliación imposible, ensaia terapia para a memoria colectiva, tamén para a dun escritor de árbore xenealóxica arrasada

A oración do escravo

Suso de Toro (Santiago, 1956) xa non teima en facer croquetas do cadáver de Castelao. Agora présanlle máis outras danzas culinarias. Outros ingredientes. Xa en *Home sen nome* (Xerais, 2006) puxera a fábula ao servizo da historia. Quixera ensaiar unha terapia para a memoria colectiva. Sinalar os asasinados para emendar as galeradas do relato oficial. Ver se a ficción podía sandar. Se daba estiñado algunha das feridas que deixaran o golpe de estado do 36 e corenta anos de represión. En *Sete palabras* (Xerais, 2009) o paciente é el propio. Un tal De Toro, máis tarde Suso, que virou ninguén. Un ninguén. Un tipo ao que a célula fotoeléctrica da porta do hotel porfía en ignorar, coma se non existise. Un escritor coa árbore xenealóxica arrasada polo temporal. Un fantasma entre fantasmas na procura dunha coartada.

Sen o susto non habería novela. É unha das poucas cousas que sabemos do protagonista dende o principio: varón, 52 anos, autodenominado escritor, adoita esquecer o pixama cando sae de viaxe e non sabe ren do seu avó Faustino. Nada de nada. Se non fose por eses tres segundos morto diante do espello, coa metade da face paralizada, alleo a si propio, Suso de Toro non sairía na procura do pai de seu pai, un neno expósito, “fillo de don Incógnito e dona Incógnita”, un cativo abandonado á porta dun hospicio zamorano. Sen o susto non habería relato, e sen a culpa tampouco. Culpábel pola literatura –“Todo é texto para ti. Es un tradutor incansábel, acotío traduces a vida a palabras. Es un prosma. E non podes parar”– e culpábel pola desmemoria –“Como é que un pode medrar e chegar a pasar dos cincuenta anos, unha idade en que a xente morre, sen caer na conta de que non sabe quen é o seu avó?”–. Ese é o Suso de Toro que conduce.

“Todo empezou en Toro”, na vila zamorana, o fío do que tirar, pero atravesaba a comarca de Saia, vai e volve a Galicia, suca o Atlántico, para en Madrid. A *road movie* que propón o escritor compostelán, como adianta a fotografía de Delmi Álvarez que ilustra a capa da primeira edición, pon a pan pedir a identidade de quen fala. O protagonista apaña testemuños –“o eco do eco”– para recoñecerse e cumprir a misión que seu pai xa non pode acometer: viaxar ao miolo, localizar o centro, reescribir a xinea familiar. Vaía por diante que fracasa, que resolve a culpa pero non o resto. Era sabido. A *Home sen nome* bastáballe con sinalar, con desenmascarar, fose o Torrente Ballester fascista, fose o crego presa do rancor. Aquí é distinto. Búscase unha sorte de reconciliación imposible. “As cousas rotas non teñen reparación”, concede ao cabo o investigador. “Simplesmente acaba un aceptándoas”.



Trabajos temporales, 2006 // Diego Santomé. Arquivo MARCO

Fagamos un pacto: se isto é unha crítica, *Sete palabras* é unha novela. Se fiamos no contorno do texto, na colección onde se coloca, no que se di na lapela, hai aí trescentas páxinas de narrativa. Só así pode escapar o discurso de Suso de Toro de ser xulgado como un ensaio ou como un mangado de appuntamenti para unhas memorias. O libro podería ser tamén o reverso dunha guía de viaxes, porque a mirada vai cara a dentro, ou mesmo unha reportaxe. Sobre todo unha reportaxe. A posición do narrador é a do xornalista –“Traes un caderno e un bolígrafo na man, mans finas de non traballaren, botas rústicas e pantalón de pana, que ser confuso es ti? Un perito agrícola?”– e parece alentar nesa obsesiva xerarquía de comiñas que arrodea os diálogos a obsesión polo verosímil, pola literalidade. Son marcas de verdade. Outra teima na teima da novela.

A pescuda do protagonista fica dentro do libro de familia. Desafía o tempo histórico, déixao fóra. A guerra interrompe ás veces algunha conversa cos testemuños, asoma na figura de Miguel, o comunista, pero é deliberadamente lateral. Os arquivos onde procura a pegada do seu avó Faustino non son os únicos caladoiros. *Sete palabras* discute a identidade e as fronteiras entre os xéneros literarios, pero tamén cuestiona o tempo histórico, trabado dunha

banda polo tempo mítico dos sinais, da maxia, das mensaxes anónimas e as coincidencias, e doutra banda polo tempo da fame, “onde o pan era o sol”. O inmigrante africano que cruza o estreito nun caiuco na bisagra do milenio é o emigrante galego que atravesa o Atlántico mediado o século XX. Todos os pobres o pobre, diríase. «Non existe o pasado nin o presente nin cousa ningunha, todo é a mesma cousa».

Quería ser xudeo para achar explicación ao seu estar “a desgusto sempre”, pero o Suso de Toro de *Sete palabras* acaba por resolver a súa pertenza noutras coordenadas. Recoñece nos seus devanceiros as marcas do escravo e pregúntase a cantas xeracións alcanza o feitizo. Quere saberse na estirpe do hospiciano, do orfo, do paria. Atopar no seu corpo a cicatriz do grillón. Ponse diante do pastor, no que recoñece máis substancia humana que no seu autorretrato, e aperta os dentes para invocar a conciencia do abandono, o desprezo, a humillación, a opresión. Canta a canción da fame, da pobreza. Por iso este libro é un constante sortilexio. Quérese “oración”. Todas as derrotas que cifraba Lois Pereiro na súa “Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia” deben comparecer.

Na produción última de Suso de Toro, cadora máis envorcada cara ao xornalismo ou o ensaio político, onde cabería encadrar *Madeira de Zapatero* (Xerais, 2007) ou *Outra idea de España* (Xerais, 2005), esta novela marca un limiar. O escritor debe responderse algunhas preguntas antes de seguir. A primeira: que facer. Xa que parece convencido de que só se pode escribir, como José Emilio Pacheco, do que lle afecta a un. Xa que formula, como programa, unha renuncia á profilaxe. Á súa confortábel incomodidade burguesa, ese “luxo” de verse protexido da vida, de pertencer “ao planeta dos clérigos, dos intelectuais”, que negan o “verdadero rostro da vida”. Non desconfía da escrita o autor de *Tic-tac* (1993) e *Polaroid* (1986), textos agora tan lonxe, porque “só a literatura é capaz de achegarse e contar a vida”, pero con *Sete palabras* Suso de Toro traspasou un punto de non retorno. “Non podes gastar luvas no teu traballo”, dise. “Así, a man ten que facerse responsábel do que escribe”. // Iago Martínez

Sete palabras ·
Suso de Toro ·
Xerais, 2009 ·
320 páx · 19 euros

